




Concello do Porriño



CONVOCATORIA E BASES PARA A SELECCIÓN E NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS (UN/HA (1) XEFE DE BRIGADA, UN/HA (1) PEÓN CONDUTOR E TRES (3) PEÓNS DE BRIGADA) PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL.

Pedro Pereira Fernández (1 para 1)
1º TENENTE DE ALCALDE
Data de Sinatura: 25/09/2020
HASH: b557cae1e554d825e116c399593c72cd



1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria e bases é regular o procedemento para seleccionar e nomear funcionarios/as interinos/as, con carácter urxente, mediante oposición, **a un/ha (1) Xefe de brigada, un/ha (1) peón condutor e tres (3) peóns de brigada para a prevención e defensa contra incendios forestais** de conformidade co programa de carácter temporal comprendido no Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o Concello do Porriño para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2020.

De conformidade co artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP) e no artigo 23 2.c) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG) as persoas seleccionadas, serán nomeadas funcionarios/as interinos/as, da escala Administración especial, subescala servizos especiais, asimilados para o xefe de brigada ó grupo C, subgrupo C2, e para o peón condutor e os peóns de brigada ó grupo AP, para a execución do programa “DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS COMBINADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2020”, referido no citado convenio, de carácter temporal de duración determinada, que non responde a necesidades permanentes.

O persoal nomeado prestará os seus servizos no termo municipal do Concello do Porriño, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable poidan participar nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da Consellería competente en materia forestal, consonte ao establecido na cláusula 4ª do Convenio de colaboración. Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.

2ª. DURACIÓN E CESE DO NOMEAMENTO INTERINO.

Os/As funcionarios/as interinos/as nomeados para a execución do devandito programa que terá unha duración máxima de 3 meses, e que en ningún caso poderá exceder do 31-12-2020, cesarán coa finalización do mesmo.

Tamén cesarán polas causas previstas no artigo 10 e 63 TRLEBEP e 24 e 64 Galicia LEPGA, ou por calquera outra causa de perda de relación de servizo previstas na normativa de aplicación aos empregados públicos, cando finalice a causa que deu lugar a seu nomeamento.

3ª. INCOMPATIBILIDADES.

Ao persoal nomeado lle será de aplicación a normativa vixente sobre incompatibilidades



Cod. Validación: 7TFAZJEPJ9DITLSZ7G7GLKX6 | Corrección: https://porriño.sedelectronica.gal/ | Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 14



Concello do Porriño

do persoal ao servizo da administración pública.

4ª.- ACTIVIDADES A REALIZAR POLOS COMPOÑENTES DA BRIGADA DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS.

A xornada de traballo será a tempo completo e realizarase de luns a domingo cos descansos establecidos na lei, e con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os domingos, festivos e festas locais así como as quendas de noite que sexan necesarias.

As funcións a realizar serán:

- **Xefe brigada:** Coordinar e dirixir á brigada ao seu cargo para a realización das funcións establecidas do Convenio de colaboración consonte o cal realízase esta convocatoria. Así como establecer as relacións operativas e de comunicación do persoal do distrito forestal ao que pertence o Concello, baixo a supervisión do responsable que se designe.
- **Peóns:** Realizarán labores encamiñadas a diminuír o risco de propagación e minorar os danos dos incendios forestais, no caso de producirse, e tarefas preventivas como o desbroce. Estes traballos consistirán en actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos; e demais funcións previstas no Convenio de colaboración.

5ª. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para tomar parte neste proceso selectivo os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos referidos todos e cada un deles á data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento do nomeamento e toma de posesión coma funcionarios/as interinos/as para execución do devandito programa:

- a).-Ter nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do TRLEBEP e 52.1 e 2 da LPGA relativos ao acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados membros da Unión Europea. *(Acreditaranse mediante a presentación do DNI ou do pasaporte vixentes).*
- b).-Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa na data de remate de presentación de instancias. *(Acreditarase de igual forma que o apartado a).*
- c).-Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do nomeamento obxecto destas bases. *(Acreditarase con declaración responsable).*
- d).-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ó corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada. *(Acreditarase con declaración responsable).*

No caso de nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente



Cod. Validación: 7TFAZJEP.9D.TT.LSZ7CGLKX6 | Corrección: https://oporrino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.eapPublico | Páxina 2 a 14



Concello do Porriño

que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores. (*Acreditarse con declaración responsable*).

e).-Non estar incurso/a en ningún dos supostos de incompatibilidade previstos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas e no TRLEBE. (*Acreditarse con declaración responsable*).

f).-Estar en posesión, ou en condición de obtela na data na que remate o prazo de presentación de instancias, dalgunha das seguintes titulacións:

- **Xefe de brigada:** deberá estar en posesión dalgún dos seguintes títulos: Enxeñería de montes, Enxeñería técnica forestal, Técnico/a superior en xestión e organización en recursos naturais e paisaxísticos; Técnico/a en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente. Ademais terá o permiso de condución da clase B.
- **Peón condutor:** Certificado de escolaridade. Ademais terá o permiso de condución da clase B.
- **Peón de brigada:** Certificado de escolaridade.

-No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse con certificado expedido polo organismo competente para establecelas. (*Acreditarse mediante fotocopia compulsada do título esixido ou, no seu defecto, do xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición do mesmo*).


h).-Ter ingresado na conta IBAN **ES55 2080 5054 0231 1001 7139** que o Concello do Porriño ten aberta en **ABANCA** Corporación Bancaria, S.A a cantidade de **15,95 euros**, por cada unha das prazas a que se presente, en concepto de dereitos de exame segundo a vixente ordenanza fiscal deste concello. **No xustificante de aboamento, que se deberá achegar coa solicitude, deberase facer constar o nome e apelidos do aspirante así como a denominación correspondente: Selección brigada forestal - Xefe de brigada; Selección brigada forestal – Peón condutor; ou Selección brigada forestal – Peón de brigada.** (En ningún caso a mera presentación do xustificante do pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude).

6ª.-PUBLICACIÓN DAS BASES

As presentes bases publicaranse no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

7ª.- SOLICITUDES

Quen desexe tomar parte no proceso selectivo deberá formular unha solicitude dirixida a Sra. Alcaldesa do Concello do Porriño conforme ó modelo do **ANEXO III** desta convocatoria e bases, ou de acordo co establecido no artigo 66 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), **manifestando na mesma que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base**





Concello do Porriño

quinta e que os acredita mediante a presentación da documentación seguinte:

- Fotocopia compulsada do Documento nacional de identidade ou pasaporte vixentes.
- Fotocopia compulsada do carné de conducir B en plena vixencia e sen ningún tipo de limitación.
- Fotocopia compulsada do Título requirido ou, no seu caso, do resgardo de ter efectuado o depósito para obtelo e da certificación oficial da secretaría do organismo docente correspondente de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición.
- Orixinal das declaracións de responsabilidade de cumprir os requisitos sinalados na base 5ª, apartados c), d), e).
- Fotocopia compulsada do CELGA 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, **aos efectos de exención do exercicio de coñecemento de lingua galega** (base 10.- terceira proba).
- Xustificante do pagamento dos dereitos de participación no proceso selectivo.
- Fotocopia compulsada da cartilla da Seguridade Social, Tarxeta Sanitaria, Vida Laboral ou documento similar para acreditar o número de afiliación á Seguridade social.

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do concello do Porriño en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, e durante o prazo de **cinco días hábiles**, contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio da **convocatoria no Faro de Vigo**, prorrogándose ata o primeiro día hábil seguinte, se o devandito prazo terminase en un día inhábil.

As solicitudes tamén poderán presentarse nas demais formas que determina o artigo 16.4 da LPACAP. No caso de presentase as solicitudes en lugar distinto do rexistro xeral deste Concello e dado o carácter urxente destas bases e os prazos previstos nas mesmas faise necesario que os/as interesados/as remitan por fax unha copia da instancia ó número 986/33.58.50 dentro do citado prazo de presentación de solicitudes.

Aqueles aspirantes que estean en situación de discapacidade e soliciten adaptación de tempo e medios para a realización das probas da fase de oposición, deberán achegar xunto coa documentación mencionada, o seguinte:

- a) Solicitalo de modo expreso na súa instancia, concretando as adaptacións concretas que pretende.
- b) Achegar fotocopia compulsada de ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grado de minusvalía competente, acreditando de forma fidedigna a deficiencia ou deficiencias permanentes que deron orixe ao grado de minusvalía recoñecido, a efectos de que o órgano de selección poida valorar a



Cod. Validación: 7TF4ZJERJ9DITL5Z7G7GLKX6 | Corrección: https://porriño.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 14



Concello do Porriño

procedencia ou non das adaptacións solicitadas. Só se poderá solicitar e outorgar esta adaptación se o aspirante presenta especiais dificultades para a realización das probas de oposición e así se acredita co ditame técnico facultativo e estas adaptacións gardan relación directa coa proba a realizar. As adaptacións de tempo deberán axustarse ao previsto na Orde PRE/1822/2006 de 9 de xuño, do Ministerio da Presidencia.

8ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará resolución pola que declara aprobada a **lista provisional** de admitidos/as e excluídos/as, con especificación, no seu caso, das causas que motivaron a exclusión, así como a designación do tribunal do proceso de selección.

A devandita resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, concedéndose un prazo de **2 días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación, para poder emendar, no seu caso, os erros ou defectos que motivaron a exclusión, así como para promover a recusación dos membros do tribunal.

Rematado o prazo anterior, a Sra. Alcaldesa ditara resolución pola que aprobará a **lista definitiva** de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, e fixará o lugar e a data da constitución do tribunal así como a data, hora e lugar do comezo das probas da oposición. Esta resolución publicarase igualmente no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

Contra a resolución da Alcaldía, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 123 e 124 da LPACAP), ou ben un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

9ª. TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

O tribunal de selección estará formado por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vocais e quedará integrado polas persoas que designe a alcaldía, publicándose a súa composición consonte o disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados xunto cos titulares.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ningún.

A composición do tribunal será predominantemente técnica e axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e estes deberán posuír titulación ou



Cod. Validación: 71FAZJEPJ9D7TL5Z7C7CLXK6 | Corrección: <https://oporrino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma [sistema.esjpublico](https://sistema.esjpublico.gal/) | Páxina 5 a 14



Concello do Porriño

especialización igual ou superior á esixida para participar no proceso selectivo. Non poderá formar parte do tribunal cualificador as persoas de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollos ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP), así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria, consonte ao disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para abstención de conformidade artigo 24 da LRXSP.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal está facultado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecida na LPACAP.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto nos artigos 106 e seguintes da LPACAP.

O tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario co fin de que as persoas aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para realizaren os exercicios que as do resto de aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.

O tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz pero sen voto, quen colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas.

Aos membros e asesores que asistan ás sesións do tribunal, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos. As indemnizacións dos asesores, agás disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais

10º.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O Sistema selectivo será o de oposición libre. A fase de oposición constará de 3 probas.

10.1- PROBA DE APTITUDE FÍSICA:



Cod. Validación: 77FAZJEPJ9D7TL7SZ7G7GLKX6 | Corrección: <https://oporino.selelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 14



Concello do Porriño

Realizarase a proba do banco conforme se detalla no ANEXO II, co obxecto de comprobar se a persoa aspirante ten unha condición axeitada de saúde e aptitude física.

Empregarase un banco de 40 cm de altura para homes e de 33 cm para mulleres, co que se subirá e baixará a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces minuto) durante un período de cinco (5) minutos. O ritmo márcase cun metrónomo. Unha vez finalizado este tempo a persoa que realizou o exercicio repousará quince (15) segundos e unha vez finalizados tomaráselle o pulso.

Cos datos obtidos, idade, peso e pulsacións, pasarase as táboas que se acompañan (ANEXO II) e determinarase a capacidade aeróbica.

Esta proba cualificarase como APTO/A ou NON APTO/A. (Maior de 40 APTO / Menor de 40 NON APTO). Para a súa práctica os aspirantes deberán acudir provistos de roupa deportiva.

10.2- PROBA PRÁCTICA:

Exercicio obrigatorio e eliminatorio, sobre coñecementos prácticos: procederase a realizar unha ou varias probas prácticas de manexo de ferramentas, precisas para o desenvolvemento das tarefas propias das prazas ás que se opta e do material e EPIS necesarios na loita contra incendios. Relacionado coas materias do programa que figura no ANEXO I desta convocatoria e durante o tempo máximo que determine o tribunal.

Valorárase a calidade e a rapidez na execución das tarefas, así como aquelas outras cuestións que determine o tribunal.

Valorarase puntos tales como o grado de perfección e destreza na súa realización e coñecemento das funcións a desenvolver.

Dada a natureza deste exercicio, non se poderá realizar de xeito anónimo.

No desenvolvemento da proba, o tribunal poderá facer preguntas aos/ás aspirantes sobre o coñecemento dos/as aspirantes en relación coas tarefas a realizar.

O/a aspirante que non supera algún dos traballos que compoñan este exercicio quedará excluído/a do proceso selectivo.

En calquera momento o tribunal poderá requirir aos/ás aspirantes para que acrediten a súa personalidade.

Os/as aspirantes serán convocados en chamamento único sendo excluídos/as do proceso selectivo que non comparezan.

Terá carácter eliminatorio e será necesario para superalo acadar 5 puntos do total de 10 puntos outorgábeis como máximo.

O Tribunal poderá acordar, por razóns de necesidade e urxencia, a celebración de varios exercicios nunha mesma xornada, concedéndolles aos aspirantes un descanso mínimo de



Cod. Validación: 77FAZJUEP19D7TL5Z7G7GUKX6 | Corrección: <https://porriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 14



Concello do Porriño

trinta minutos entre a celebración deles, ou na xornada seguinte; deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

10.3- COÑECEMENTO DO GALEGO. CON CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.

Obrigatorio soamente para os aspirantes que non acrediten o nivel de coñecemento do idioma galego CELGA 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

Este exercicio consistirá na tradución directa ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego. Os textos serán escollidos polo Tribunal cualificador do proceso selectivo inmediatamente antes de celebrarse a proba, correspondéndolle ao Tribunal a fixación tanto do tempo para realizar a proba como o nivel de coñecemento esixido para superar a mesma. Este exercicio será cualificado de **apto ou non apto**.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o título CELGA 2 ou equivalente, segundo o disposto na Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega no seu anexo I. (Esta exención haberán de acreditala documentalmente xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo.).

Os aspirantes que non acreditasen estar en posesión do CELGA 2 ou equivalente e que non superasen esta proba quedarán excluídos do proceso selectivo.

Se dous ou máis concursantes obtiveran idéntica puntuación o empate resolverase por sorteo.

Establecida a puntuación final de cada aspirante e resoltos, no seu caso, os empates, o tribunal elaborará unha listaxe destes baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, listaxe que se fará pública, no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, e propoñerá á Alcaldía como aspirantes seleccionados aos que, habendo aprobado, obtiveran a maiores puntuacións finais.

11ª.- ACHEGA DE DOCUMENTACIÓN

As persoas seleccionadas xustificarán, sempre antes do nomeamento, que non padecen enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das actividades a desenvolver citadas nestas bases, mediante certificación médica oficial estendida en impreso, editado polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España, debendo amais levar estampado o selo do colexio médico provincial en que este certificado sexa estendido ou se o médico pertence a unha entidade sanitaria pública no impreso oficial da devandita entidade, a Alcaldía resolverá sobre o nomeamento.

De non achegar dita documentación, agás causa de forza maior, ou se da documentación achegada non quedase acreditado que cumpren os requisitos esixidos, decaerá nos seus





Concello do Porriño

dereitos, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puideran incurrir por falsidade na solicitude. De darse este suposto sería proposto para o nomeamento o seguinte candidato que por orde de puntuación corresponda e fose seleccionado polo referido Servizo de Orientación Laboral.

12ª. NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS E TOMA DE POSESIÓN.

Presentada a documentación requirida na base anterior, a Alcaldía nomeará aos/as aspirantes propostos/as coma funcionarios/as interinos/as para execución do citado programa, de carácter temporal e de duración determinada que non responde a necesidades permanentes.

O nomeamento notificaránselle aos/as interesados/as e publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, para que tomen posesión.

A toma de posesión efectuaranse dentro do prazo máximo de **TRES** días hábiles, contados a partir da notificación do citado nomeamento. No acto de toma de posesión os/as nomeados/as deberá prometer ou xurar o cargo na forma establecida legalmente. De non tomar posesión no prazo indicado, sen causa xustificada que deberá ser alegada, xustificada e aceptada os/as aspirantes decaerá nos seus dereitos.

Para o suposto de que as persoas nomeadas funcionarios/as interinos/as, para a execución do citado programa, non se presenten a tomar posesión dentro do referido prazo ou unha vez tomada posesión, renunciase ou tivera que ser cesados/as por calquera causa das previstas nestas bases ou na normativa de aplicación ou teña que ser substituídos/as por incapacidade temporal, incapacidade permanente, maternidade ou outras causas similares, ou tamén cando se dea algunha das circunstancias previstas no TRLEBEP ou na LEPGA, para nomeamentos de interinos, etc., a Alcaldía, no seu caso, poderá realizar un novo nomeamento co/a seguinte aspirante que por orde de puntuación lle corresponda da citada relación (que actuará de lista de reserva) e ata que se incorpore o/a substituído/a ou finalice a causa que motivou a convocatoria, ou se dean as causas de cese previstas nestas bases previa selección polo referido Servizo de Orientación Laboral e presentación da documentación a que se refire a base anterior.

13ª. CESE

Dado o obxecto destas bases e da súa convocatoria os/as aspirantes designados/as cesarán quedando revocado o seu nomeamento, amais de polas causas de perda da relación do servizo previstas no TRLEBEP e na LEPGA, cando finalice a causa que deu lugar a seu nomeamento.

14ª. CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e ós/ás aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

15ª. RÉXIME XURÍDICO



Cod. Validación: 7TFAZLJEPJ9D7TL5Z7G7G1KX6 | Corrección: <https://oporrino.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 14



Concello do Porriño

No non previsto nestas bases estarase ao establecido na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes; Lei 7/1.985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Lexislativo 781/1.986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto 364/1.995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado; Real Decreto 896/1.991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración; Decreto 95/1.991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia, Lei 53/1984 de, 26 de decembro de Incompatibilidades del Porsol ao Servizo de las Administracions Públicas, e demais disposicións concordantes e de xeral aplicación.

16ª. INCIDENCIAS E IMPUGNACIÓN

O Tribunal queda facultado para interpretar as presentes bases da convocatoria e para resolver as dúbidas e incidencias que se presente e tomar os acordos necesarios para a boa orde da selección en todo o non previsto nestas Bases. Así mesmo, o Tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos a aqueles/as aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta na acreditación dos requisitos e méritos requiridos nestas bases.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 35/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa segundo corresponda.

17ª. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os/As interesados/as autorizan ao Concello do Porriño á publicación, no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, e na páxina web municipal www.oporrino.org, dos datos persoais, que consten no expediente da selección e que sexan necesarios publicalos de conformidade con estas Bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.

18ª.- REALIZACIÓN DUN CURSO TEÓRICO-PRÁCTICO.

Unha vez nomeados/as os/as funcionarios/as interinos/as deberán obrigatoriamente realizar un curso teórico –práctico sobre prevención e defensa contra incendios. Sendo a non realización do mesmo causa de cese do nomeamento.



Cod. Validación: 7TFAZLJEPJ9DTL1SZ7G7GLKX6 | Corrección: <https://oporrino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 10 a 14



Concello do Porriño

ANEXO I – TEMARIOS

XEFE BRIGADA:

1. O territorio e a poboación do Porriño.
2. O municipio de Porriño. Superficie, límites. Poboación e parroquias.
3. Primeiros auxilios: nocións básicas procedemento de actuación en caso de accidente ou emerxencia.
4. Teoría do lume: lume e combustión. Triángulo do lume. Produtos de combustión. Tipos de combustión. Rango de inflamabilidade.
5. Tipos de lumes. Fases no desenvolvemento dun lume. Comportamento do incendio.
6. Mecanismos de extinción. Axente extintores sólidos e gasosos.
7. Incendios forestais. Tipos de incendios forestais. Prevención, vixilancia e detección. Sistemas de extinción.
8. Aparellos extintores de incendios. Ferramentas manuais.
9. Equipamento persoal dos traballadores (EPI). Normas de seguridade e situacións de riscos.
10. Equipamento dos vehículos de extinción de incendios.
11. Lei de Montes de Galicia 7/2012.
12. Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
13. Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA 2020).

PEÓN CONDUTOR / PEÓN BRIGADA:

1. O territorio e a poboación do Porriño.
2. O municipio de Porriño. Superficie, límites. Poboación e parroquias.
3. Primeiros auxilios: nocións básicas do procedemento de actuación en caso de accidente ou emerxencia.
4. Teoría do lume: lume e combustión. Triángulo do lume. Produtos de combustión. Tipos de combustión. Rango de inflamabilidade.
5. Tipos de lumes. Fases no desenvolvemento dun lume. Comportamento do incendio.
6. Mecanismos de extinción. Axente extintores sólidos e gasosos.
7. Incendios forestais. Tipos de incendios forestais. Prevención, vixilancia e detección. Sistemas de extinción.
8. Aparellos extintores de incendios. Ferramentas manuais.
9. Equipamento persoal dos traballadores (EPI). Normas de seguridade e situacións de riscos.

ANEXO II.- PROBA DO BANCO



Cod. Validación: 77FAZJIEP19D1TL5Z7G7GUKX6 | Corrección: <https://porriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 11 a 14



Concello do Porriño

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

galicia

Cuadro B

Tomar el resultado (del ③) y ajustar por edad.

⑤

15	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	74	75	76	
20	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	72		
25	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72		
30	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	
35	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71
40	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	
45	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	
50	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	
55	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	
60	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	
65	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65
	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72		

④ COEFICIENTE DE SALUD (del ③)

De la intersección de la columna del coeficiente de salud y de la fila de la edad más próxima obtenemos la capacidad aeróbica.

- Capacidad aeróbica igual o superior a 45: Brigadas Especiales.
- Capacidad aeróbica entre 40 y 45: Otras Brigadas.
- Capacidad aeróbica menor de 40: No apto para la extinción de incendios forestales.



Subida y bajada del banco



Cod. Validación: 7TFAZJIEP J0DITTL8Z7G7G3KX6 | Corrección: <https://porriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 14.



Quadro A

COEFICIENTE DE SALUD (mujeres) ③

45											29	29	29
44										30	30	30	30
43									31	31	31	31	31
42			31	32	32	32	32	32	32	32	32	32	32
41			33	33	33	33	33	33	33	33	33	33	33
40			34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34
39			35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35
38			36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36
37			37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37
36		37	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38
35	38	38	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39
34	39	39	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40
33	40	40	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41
32	41	41	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42
31	42	42	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43
30	43	43	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44
29	44	44	45	45	45	45	45	45	45	45	45	45	45
28	45	45	46	46	46	46	47	47	47	47	47	47	47
27	46	46	47	48	48	48	49	49	49	49	49	49	49
26	47	48	49	50	50	51	51	51	51	51	51	51	51
25	49	50	51	52	52	53	53	53	53	53	53	53	53
24	51	52	53	54	54	55	55	55	55	55	55	55	55
23	53	54	55	56	56	57	57	57	57	57	57	57	57

COMO USAR LAS TABLAS:

- ① Buscar su peso.
- ② En la columna encontrar el número de pulsaciones después de hacer ejercicio.
- ③ En la fila que indica las pulsaciones, encontrar la tasa de aptitud en la columna que indique su peso.
- ④ Con el coeficiente de salud pasar al cuadro ⑤
- ⑤ Encontrar el resultado ajustado por edad junto a la edad más cerca a la suya.

COEFICIENTE DE SALUD (hombres) ③

45	33	33	33	33	33	32	32	32	32	32	32	32	32	32	32	32	32	32	32	
44	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34
43	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35
42	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36
41	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37
40	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38
39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39
38	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40
37	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41	41
36	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42
35	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43
34	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44	44
33	45	45	45	45	45	45	45	45	45	45	45	45	45	45	45	45	45	45	45	45
32	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46
31	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47
30	48	48	48	48	48	48	48	48	48	48	48	48	48	48	48	48	48	48	48	48
29	49	49	49	49	49	49	49	49	49	49	49	49	49	49	49	49	49	49	49	49
28	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50
27	51	51	51	51	51	51	51	51	51	51	51	51	51	51	51	51	51	51	51	51
26	52	52	52	52	52	52	52	52	52	52	52	52	52	52	52	52	52	52	52	52
25	53	53	53	53	53	53	53	53	53	53	53	53	53	53	53	53	53	53	53	53
24	54	54	54	54	54	54	54	54	54	54	54	54	54	54	54	54	54	54	54	54
23	55	55	55	55	55	55	55	55	55	55	55	55	55	55	55	55	55	55	55	55
22	56	56	56	56	56	56	56	56	56	56	56	56	56	56	56	56	56	56	56	56
21	57	57	57	57	57	57	57	57	57	57	57	57	57	57	57	57	57	57	57	57
20	58	58	58	58	58	58	58	58	58	58	58	58	58	58	58	58	58	58	58	58





Concello do Porriño

ANEXO III (MODELO DE SOLICITUDE)

MODELO DE SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO DE SELECCIÓN E NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS, MEDIANTE OPOSICIÓN, DUN/HA (1) XEFE DE BRIGADA, UN/HA (1) PEÓN CONDUTOR E TRES (3) PEÓNS DE BRIGADA, PARA EXECUCIÓN DE PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL.

D./Dna.			
DNI núm.		e con domicilio en	
Código postal		Concello	
Dirección de correo electrónico			
Teléfono		, ante a Sra. Alcaldesa do Concello do Porriño:	

EXPÓN :

a) **DECLARA EXPRESAMENTE:** Que reúne os requisitos esixidos para o ingreso á función pública e os especialmente sinalados nas bases que rexen o proceso, polo sistema de oposición, para a urxente selección e nomeamento como funcionarios/as interinos/as, dun/ha (1) xefe de brigada, un/ha (1) peón condutor e tres (3) peóns de brigada, para a execución do Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o Concello do Porriño para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2020, de carácter temporal de duración determinada, que non responde a necesidades permanentes.

b) Que achega coa presente a documentación esixida nas bases que rexen o citado proceso de selección:

- Fotocopia debidamente compulsada do DNI ou tarxeta para os que non teñan nacionalidade española.
- Fotocopia debidamente compulsada do título esixido nas bases.
- Fotocopia debidamente compulsada do permiso de condución.
- Declaracións de responsabilidade de cumprir os requisitos sinalados na base **QUINTA**, apartados **C), D) e E)**.
- Xustificante de ter ingresado na conta **nºES552080 5054 02 3110017139** que o Concello do Porriño ten aberta en **ABANCA Corporación Bancaria, S.A** (sucursal do Porriño) a cantidade de **15,95 euros** en concepto de dereitos de exame segundo a vixente ordenanza fiscal deste concello. (base 4ª).
- Fotocopia cotexada do certificado de lingua galega CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia
- Fotocopia compulsada da cartilla da Seguridade Social, Tarxeta Sanitaria, Vida Laboral ou documento similar para acreditar o número de afiliación á Seguridade social.

Por todo o exposto,

SOLICITA: Ser admitido/a ao devandito proceso de selección como:

(marcar o posto ao que opta)

1 Xefe de Brigada.	1 Peón condutor.	3 Peóns de Brigada.
--------------------	------------------	---------------------

O Porriño, a ____ de _____ de 2020
Asdo.:

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA)

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE.



Cod. Validación: 77FAZJUEP9D7TL5Z7G7GUK6 | Corrección: https://porriño.es/electronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 14 a 14